

## EXPOSICIÓNS ORAIS (14 / 15 DECEMBRO)

### “FALO AO XEITO DO QUE ME GUSTA”

Ides realizar unha exposición oral na aula, nela falaredes dalgún tema que vos interese, este é libre, pero tende en conta que debe ser adecuado para o contexto en que se vai desenvolver. Os requisitos para este traballo son os seguintes:

- A duración da exposición pode oscilar entre os 3 e os 5 minutos (non pode durar máis de 5 min.).
- Tes que acompañar o teu discurso oral dunha presentación sinxela en Power Point ou LibreOffice Impress, esta pode conter imaxes ilustrativas daquilo do que vas falar e palabras clave que che permitan non perderte na túa exposición. Non se trata de ler!
- Debes procurar empregar o galego da maneira máis correcta posible.
- A túa exposición debe conter 3 partes:
  - o Introdución: nela informarásnos de que vas falar, a través dun pequeno índice, e o motivo polo que decidiches escoller ese tema.
  - o Desenvolvemento: irás tocando todos aqueles aspectos que queres tratar sobre o tema escollido.
  - o Conclusión: farás unha pequena reflexión final sobre o que contaches e agradeceráslle ao auditorio a súa atención.
- A información que trates debe estar extraída de distintas fontes bibliográficas, polo que estas deben aparecer ao final da exposición (recollidas no Power Point).